

| | | | | | | | | | | | | |
|--------------------------|---|---|---|---|---|---|----|---|---|---|---|---|
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Rareos | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |
| Especies: | | | | | | | | | | | | |
| | X | F | M | A | M | X | XI | A | S | O | N | D |
| Limpezas e arados | | | | | | | | | | | | |
| Zonas: | | | | | | | | | | | | |

Outras consideracións ⁽⁹⁾

Con respecto á **zona de traballo**: Este plan no se ten desenvolvido desde a súa aprobación polo que a zona de traballo será a mesma que a aprobada en anos anteriores, e dicir de Punta Salinas a Punta Quilme, Areoso, Camallón, Punta Testos, Punta Niño do Corvo, Area Secada e Punta Cabalo. Os motivos son que a ampliación do área a explotar ao Jidoiro pedregoso, Jidoiro areoso, Illote Corbeiro, Illote Rúa, Lobeiras, As Touzas, Mexos e Esqueiro, xa foi solicitada en anos anteriores e non foi concedida. Esta ampliación suporía un solapamento co ámbito do plan conxunto de ourizo das confrarías de Ribeira e Aguiño así como co plan de percebe da confraría de Ribeira. A confraría de A Illa ten unha autorización en Illote Areoso ou Jidoiros de 90.000 m² para ameixa e navalla pero que non consta delimitadas en plano. A explotación de todo o perímetro de Jidoiro areoso e do resto da area para a que se solicita ampliación, que son zonas de libre marisqueo, requiriría da conformidade de tódalas entidades interesadas na zona de explotación ou no seu caso a renuncia de cada unha delas de acordo co disposto na lei 6/1993, de 11 de maio, de Pesca de Galicia (artigo 42). Esta documentación non figura no plan.

Recomendase que o colectivo de mergulladores planifique a súa actividade de xeito que non interfira co resto marisqueo a flote e que respecte as zonas de marisqueo a pé, dado que traballa en áreas comúns coa explotación doutros recursos por sectores da mesma entidade.

O informe da actividade de mergullo emitido en data 9.11.2007 é favorable para o mergullo en apnea, sempre que dito plan sexa aprobado á efectos de seguridade polo autoridade marítima correspondente. A carencia de titulación axeitada ou a posesión de tarxetas caducadas afectaría á participación das embarcacións do plan que tivesen enrolados mergulladores en esas circunstancias, as cales deberán acreditar ter un tripulante coa titulación necesaria para a actividade de mergullo cando se realice a renovación da modalidade de peneira do seu permiso de explotación

O informe técnico considera axeitado un calendario de xaneiro a marzo e outubro a decembro, dado que non se producirá extracción no mes de agosto e setembro, momento de máximo desove da peneira. Tamén se considera correcto un número máximo de días autorizados de 65 días e un tope de captura de 5 kg/mergullador/día.

Calquera modificación de topes por debaixo do máximo autorizado, debe ser solicitado á delegación territorial, que ten a competencia para resolver.

*